Nome:

Santiago González Iglesias

AKA **Iago González**, **@iagoglez**, **@enimaxes**

Formación:

Accedo a diversa formación ao longo dos 90, dende un curso de imaxe e son primixenio en PC Carrier alternado co BUP, pasando por diferentes seminarios e cursos amparados polo CGAI e o Centro Fonseca, pero foi co **Master en Tecnoloxías Dixitais no CIS de Ferrol** onde adquirín a formación necesaria para buscarme a vida naqueles tempos nos que aínda non existían mil escolas.

Experiencia profesional,

Xa a finais dos 90 desenvolvín labores de axudante de cámara e edición en produtoras como Formato Vídeo, Adivina ou Aldea Films. De aí pasei á multitarea no ámbito das televisións locais da época, e finalmente fun alternando nos primeiros 2000 con labores de deseño no mundo editorial e fotográfico, ate comezar a colaborar, xa como *freelance*, coa produtora Acción Audiovisuales en diferentes formatos.

No ano 2007 integreime na produtora **I.G. Documentación** baixo a marca **enimaXes.com**, que aínda compaxino co nome extraoficial. Dende este momento fago o típico: servizos para empresas, promocionais, **narrativas aplicadas ás industrias culturais** (teatrais e musicais), desenvolver proxectos de non ficción, e experimentar cos novos formatos segundo as tecnoloxías dixitais avanzan.

Derivado destas labores, no 2009 comezo o proceso de produción de ***Máscaras***, longametraxe de non ficción que co guionizarei, que implica a realización asociada da curtametraxe ***Calcetin(e)s***, da que tamén me encargo do guión.

A partir de aquí, a miña vida profesional bifúrcase:

Por un lado, continúo asociado a produción e servizos audiovisuais de I.G. Documentación, onde se mantén unha liña de non ficción con proxectos de longo desenvolvemento en torno á memoria e o experiencial baixo o nome **#dMudanza**.

Por outra banda, a experiencia da película Máscaras derivou na creación da **Asociación Proxecto Máscaras**, polo de traballo co audiovisual como ferramenta no que levamos xa un

tempo experimentando con metodoloxías participativas asociadas á construción de relatos, de ficción ou documentais, baixo **unha ferra convicción na defensa da non exclusión**. En todos estes casos, e debido á propia dinámica da entidade, trabállase unha labor de co creación coa intención de desenvolver formatos accesibles para as persoas non profesionais que participan neles, máis de xeito necesario realizando labores tanto de creación de formatos e argumentos, como de co guionización e supervisión.

Direccións de interese (ou non)

- http://www.enimaxes.com/
- https://informaciongalicia.net/
- http://emalcsa.de-mudanza.net/
- http://concellocoruna.de-mudanza.net/
- https://www.proxectomascaras.com/
- https://vimeo.com/enimaxes